

Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 8. MARZO
DE 2025

O CONFLITO DE ALTRI

- A liberdade da auga
Por Joaquín Araújo
- O impacto na saúde dos veciños e traballadores do proxecto GAMA
Por Sonia Villapol Salgado
- O confronto de dúas xeografías: o espazo banal e de recursos fronte ao espazo vivo e de resistencia no conflito de Altri
Por Rubén Camilo Lois González
- Outono roubado. Ensaio sobre ambiente, territorio e paisaxe a través do caso Altri
Por Horacio García
- A paisaxe emocional do Camiño de Santiago na Ulloa
Por Francisco Pardo Teijeiro
- Todo o que cabe nun queixo, nun xerro, nun iogur
Por Ana Escariz Pérez



HISTORIA

- Xénese e consolidación dos concellos constitucionais da Ulloa
Por Fernando Salgado
- Segundo fragmento de «Amoexa. Memoria dos cincuenta». *Por Pepe do Xastre*

PATRIMONIO

- Arredor da toponimia maior do concello de Antas de Ulla
Por Andrea Santiso Arias
- Historias de cultura en Antas de Ulla
Por Patricia Coucheiro

CREACIÓN

- Tres poemas
Por Adela Figueroa Panisse
- A Ulloa berra non
Por Paco Ledo
- Terra!
Por Toño Núñez
- Un conto inventado ou non
Por Pablo Coucheiro Rodríguez

A HISTORIA DUN TERRITORIO PODE ESCRIBIRSE A TRAVÉS DAS SÚAS CICATRICES. FERIDAS QUE NON PECHAN, FENDAS POR ONDE ESCAPAN A TERRA, A AUGA E AS OPORTUNIDADES. GALICIA SUFRE UN MODELO DE EXPLOTACIÓN CON PEGADA NOS BALANCES ECONÓMICOS DAS GRANDES CORPORACIÓNS E A VIDA DAS SÚAS XENTES.

OUTONO ROUBADO. ENSAIO SOBRE AMBIENTE, TERRITORIO E PAISAXE A TRAVÉS DO CASO ALTRI

/ HORACIO GARCÍA
Xeógrafo

I. PAISAXE ORGÁNICA

I.1. Árbores

As árbores son unha especie viva, coma nós, os seres humanos. Estamos, *de facto*, nun mesmo nivel horizontal de partida. Todos somos seres viventes que habitamos un mesmo espazo, cada un coas súas estratexias vitais e modos de relacionarnos co medio. Unha árbore respira e muda tanto

coas estacións como no albor e solpor do día e a noite. É unha bomba biolóxica perfectamente adaptada e mimetizada co medio. Son ao mesmo tempo sensibles e rudas, capaces de sufrir con pequenos cambios, como resistir ante ambientes hostís. As árbores son, quizais, os seres vivos cos que máis nos relacionamos e dos que máis dependemos.

No seu crecemento, buscan sempre o equilibrio que lles permita vivir en harmonía co medio. Hainas esveltas e altas, coma torres góticas; outras son baixas e robustas, e algunhas espállanse en infinitas ramificacións. A súa diversidade é tal que, ás veces, pasa desapercibida. Pero basta con levantar a vista para admirar a súa sintonía e os espazos que crean. Cando alcanzan o seu tamaño axeitado, comezan a reproducirse, deixando sementes que renovarán o bosque e enriquecerán o solo. É un ciclo que nos acompaña xeración tras xeración. Esas mesmas árbores que hoxe vemos cubertas de brión e lique xa foron contempladas por moitos antes ca nós. Nos seus aneis queda rexistrada a memoria do tempo, testemuñando o paso da historia.

Todo isto lévanos a unha reflexión máis ampla sobre a nosa interacción coa natureza e os cambios que impomos nela. Se queremos trazar un debate xusto e informado sobre o que aquí nos atinxe, é necesario partir dunha base clara. Este texto comeza cun manifesto da relevancia das árbores, non só como elementos constituíntes dos bosques, senón no marco do proceso industrial que propón Altri¹ para Galicia. Por esa razón, fago fincapé nestes primeiros parágrafos en varias consideracións que me parecen relevantes para situar este ensaio, de maneira que o lector non se sinta enganado nin desorientado.

Igualmente, toda reflexión necesita contexto. Sen el corremos o risco de simplificar os debates e de caer en posturas ríxidas sen unha análise real. O contexto permítenos comprender as implicacións do que debatemos, os seus efectos a longo prazo e os intereses que hai en xogo: a transformación do territorio, o impacto ambiental,

[1] Emprégase o nome de Altri para referirse ao Proxecto GAMA promovido por Greenfiber, S.L.

social e económico, e a maneira en que percibimos o desenvolvemento e o futuro da nosa terra. Con isto, non cuestiono a quen defende a chegada de Altri, senón que simplemente sinalo unha realidade: a implantación desta industria traerá cambios territoriais que algúns verán como negativos, mentres que outros aceptarannos como necesarios ou positivos.

Anticipando posibles equívocos, referíame antes ao concepto de engano. Desde este punto inicial, prefiro deixar clara a miña postura fronte ao proxecto de Altri. Non estou a favor da chegada desta industria, nin do modelo industrial que representa, nin tampouco da suposta necesidade dunha infraestrutura deste tipo para Galicia². Non pretendo con isto desanimar á lectura do texto, senón, máis ben, provocar unha reflexión, beliscar ao lector e invitalo a descubrir as razóns detrás deste pensamento.

Buscar o significado de *Outono roubado* é buscar tamén as inquedanzas e medos que percorren este texto. Varios nomes das seccións que compoñen o documento non son neutros, están cargados de intención e suxiren unha dirección concreta no argumento, pero convido igualmente a deles con espírito crítico. Non escribo para reforzar a postura dos xa convencidos do «non», nin tampouco para tratar de modificar a opinión dos convencidos do «si». O que realmente pretendo é trasladar o debate a un plano *apartidista* e máis reflexivo. A idea última é que pensemos por que tomamos determinadas posicións e se realmente están baseadas en información, análise e reflexión ou, pola contra, simplemente actuamos coma seareiros, defendendo un «si» ou un «non» sen cuestionarnos os motivos profundos desa elección.

Atender á cuestión das árbores implica tamén desmontar prexuizos. O eucalipto non é o problema en si mesmo, senón unha árbore máis que, como todas, actúa segundo as súas propias estratexias de supervivencia. Fai o que todos

[2] Esta postura é independente do partido político que governe, e expresable nos mesmos termos, tanto ante a máxima autoridade institucional como ante calquera entidade social. Declaro expresamente que non teño conflito de interese.

fariamos: vivir. Do mesmo xeito, non existen as «malas herbas»; chamámoslles así porque dificultan o crecemento das plantas que queremos favorecer. Esta forma de clasificar e competir é puramente humana, levándonos a rexeitar unhas árbores por consideralas «malas» e aceptar outras por seren «boas». Un xogo perverso!

1.2. Bosques

Rexorden nos bosques as nosas inquedanzas e a imaxinación que nos define. Os bosques son espazos de soidade e pensamento que nos separan, abrazan e dan abrigo. Crean os escenarios perfectos para amortecer o ruído e dotalo de sons propios. De escoitar o repiqueo do peto en primavera ao ulular da curuxa. O bosque é un espazo no que soños, medos e misterios cohabitan acubillados polas árbores.

Cómplice da historia da vida, o bosque é moito máis ca un conxunto de árbores: é a memoria viva dun territorio en constante transformación. Nel quedan rexistradas as pegadas do pasado, as relacións que os humanos establecemos coa natureza e as decisións que ao longo do tempo foron modelando esta paisaxe. Cada claro, cada sombra e cada sendeiro contan unha historia de adaptación, equilibrio e cambio. A paisaxe que vemos non é estática, senón un reflexo das nosas prácticas culturais, económicas e sociais, un espazo que evoluciona ao ritmo da natureza e das nosas accións, sempre nunha fráxil sintonía.

Influídos por cambios ambientais e económicos, os bosques europeos aumentaron a súa extensión nun 9 % nas últimas décadas grazas á reforestación e ao abandono de terras agrícolas. Non obstante, este crecemento non sempre implica unha mellora ecolóxica. Moitas destas masas son plantacións de monocultivo para explotación madeireira, reducindo a biodiversidade e aumentando a vulnerabilidade ao cambio global. A nova Lei de Restauración da Natureza da UE busca revertir esta tendencia, pero a súa efectividade dependerá de políticas máis ambiciosas e dunha xestión forestal centrada na resiliencia e biodiversidade.

Árbore e bosque son os verdadeiros protagonistas deste artigo. Se a paisaxe era esa expresión visible da nosa forma de vida, un bosque é, quizais, a máxima expresión dunha paisaxe orgánica. Animo por iso a que non perdamos o foco, e nos

fixemos máis no que perdemos que no que podemos gañar de forma rápida hoxe pero lapidar lentamente para mañá. Isto explica que o bosque mereza unha distinción especial e ocupe as primeiras páxinas deste texto. É a forma de darlles unha singularidade afastada do resto.

2. NON HALUGAR PARA BOSQUES

2.1. *Galicia ou a Tasmania de Europa?*

A relación de Galicia co eucalipto non é nova. Poderíase dicir, máis ben, que é vella e cunhas fondas raíces. Comprender o por que da nosa paisaxe eucaliptizada require, cando menos, dun breve repaso histórico que nos explique como esta especie pasou a colonizar boa parte das plantacións forestais con carácter produtor³. Facendo unha viaxe desde aquela Galicia rural de comezos do século XX a esta Galicia á que case podemos considerar un Estado Forestal –polo menos en moitos concellos do país–, teremos máis argumentos para comprender como a evolución histórica das plantacións de especies do xénero *Eucalyptus* foi confeccionando unha nova estrutura territorial co paso das décadas. Isto explica que proxectos coma os de Altri teñan a súa razón de ser nas terras da Ulloa. Gústenos ou non, somos garantes da subministración da madeira que se precisa para alimentar a planta.

Galicia fornece de madeira ao resto de España e boa parte de Europa porque así se foi artellando tempo atrás mediante unha política industrial que apostou por este tipo de produtividade. A consumación deste modelo industrial ven da man da denominada Empresa Nacional de Celulosas (ENCE) que se implantou en Lourizán en 1962. Outros intentos de industrias similares foron en balde, pero o xerme de apostar por este modelo xa estaba no punto de mira. Anos máis tarde, en 1977, tamén se fai realidade a planta de Celulosas de Asturias, S.A. (CEASA), localizada na vila asturiana de Navia. Primeira e segunda producen,

[3] Rico Boquete, E. (1999): *Montes e industria forestal en la provincia de Pontevedra (1900-1975)*. A Coruña: Tórculo Edicións.

respectivamente, 430.000 e 570.000 Tm de pasta de celulosa⁴.

Os datos ofrecen unha perspectiva máis matemática da paisaxe arborada que hoxe temos no país, e que está asociada, fundamentalmente, ao abandono rural, que dá pé a unha continua arborización en detrimento de monte e campos. Os diferentes inventarios forestais nacionais (de 1974 o primeiro) recollen esta mudanza, ocupando na actualidade o total forestal (coníferas, frondosas, mesturas) cerca do 70 % do territorio galego. Visto con números, segundo o Mapa Forestal de España de 1966 e o presente, a área arborada en Galicia incrementouse un ~40 %, pasando de ~1 millón ata 1,4 millóns de hectáreas. A relación entre área arborada ocupada por especies de coníferas, eucalipto e outras é, respectivamente, de 30 %, 30 % e 40 %, mentres que o seu volume de cortas representa o 41 %, 56 % e 2 %, respectivamente. Parte deste mosaico forestal é o nutrinte da industria da celulosa, co eucalipto como especie insignia: máis do 80 % do volume de cortas forman parte da demanda deste sector industrial (70 % España e 10 % Portugal)⁵.

Esta sección péchase lembrando que o nome común «eucalipto» designa o xénero *Eucalyptus*, orixinario das terras do Pacífico (Tasmania, Nova Caledonia, Australia, Nova Guinea, Filipinas e Indonesia), que inclúe centos de especies con diferentes estratexias de supervivencia. Estas adaptaron e potenciaron a súa eficacia grazas á experiencia acumulada do seu cultivo. Década sobre década, Galicia foise convertendo na Tasmania de Europa ao permitir que unha árbore alóctona artellase a paisaxe asintónica que domina boa parte do territorio galego. O «fenómeno Altri» crea

-
- [4] Declaración Medioambiental Pontevedra 2022. Accesible en <https://ence.es/wp-content/uploads/2023/08/Declaracion-Medioambiental-2022.pdf> e Declaración Medioambiental de Navia 2022, en <https://ence.es/wp-content/uploads/2023/06/Declaracion-Ambiental-Navia-2022-rev.1.pdf>.
 - [5] Corbelle Rico, E. (2024): «Avaliación da influencia do proxecto GAMA sobre a área ocupada por plantacións de eucalipto en Galicia», en CCG (2024): *Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 23-37. Accesible en <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4515>.




Figura 1.
Imaxe da «contra-
bandeira» galega
da expropiación
territorial.

así unha nova bandeira que simboliza o poder económico vinculado á explotación industrial en Galicia (Figura 1). A «diagonal» que une ENCE de Pontevedra e Navia (Asturias), con Altri como punto central, funciona como un signo de apropiación territorial por parte de intereses privados e o beneplácito político, en contraposición aos valores colectivos que tradicionalmente representa unha bandeira.

2.2. *Non culpemos a Isabel Díaz Ayuso*


A Lei Forestal de Galicia establece un marco normativo para a xestión dos montes, pero queda lonxe desa vontade colectiva de «desexo forestal» de crear unha paisaxe sostible e equilibrada. A lexislación parte dunha visión técnica, onde o monte é un recurso explotable, máis que un ecosistema complexo cunha forte dimensión social e cultural. O Plan Forestal de Galicia, aprobado en 1992 e revisado en 2021, recoñece a multifuncionalidade do monte, pero na práctica as súas directrices foron condicionadas polos intereses industriais e a lóxica produtiva do monocultivo de eucalipto. A utopía do desexo forestal reside na idea de que os montes non sexan simplemente regulados, senón imaxinados e coidados pola sociedade como espazos de vida e identidade.

Fronte a unha lexislación que busca controlar, ordenar e limitar, o desexo forestal aspira a recuperar unha relación máis respectuosa e participativa co territorio. Iniciativas como as Brigadas Deseucaliptizadoras ou as políticas de restauración de bosques autóctonos son exemplos dun movemento que, sen rexeitar a normativa, demanda un cambio de paradigma: pasar dunha xestión baseada en regulacións fragmentarias a unha planificación integral que contemple as necesidades ecolóxicas, sociais e económicas a longo prazo. O desexo forestal non é só unha utopía romántica, senón unha estratexia necesaria para garantir a resiliencia do territorio galego⁶.

O certo é que a paisaxe non minte. Subir a un monte e observar o que nos rodea é un exercicio revelador. A textura diversa do territorio mingua co paso das estacións, os usos do solo redúcense a fórmulas cada vez máis simplificadas, adaptadas ás necesidades da industria e non ás das comunidades. Como escribiu Borges, «cando estrañamos un lugar, en realidade estamos a estrañar a época que se corresponde con ese lugar». Por iso, o problema non é só ambiental, senón tamén cultural ao perder a capacidade de decidir sobre o noso futuro.

Non culpemos a Isabel Díaz Ayuso polo que dixo dos fermosos «montes de eucaliptos»⁷, aínda que o seu comentario sobre Galicia reflicte algo máis grave, a triste crenza de que unha plantación é un bosque, primeiro, e de que o eucalipto se considere xa unha parte propia da paisaxe galega, segundo (Figura 2). É un síntoma dun proceso de normalización preocupante, pero non é culpa dela. É culpa de todos os que permitiron que esa idea se asentase ata o punto de que esta integración simbólica dilúe a súa condición de especie exótica e invasora, reducindo a conciencia sobre os seus impactos ambientais e limitando o debate sobre modelos alternativos de xestión forestal e vida no rural.

- [6] Ver para mais información traballos como o de Cidrás, D. (2022): *Cara á deseucaliptización de Galicia? Un conflito paisaxístico caracterizado a través dalgunhas manifestacións no territorio galego*. Tese doutoral. Universidade de Santiago de Compostela
- [7] Nunha visita a Vigo en febreiro de 2024.



Galicia converteuse nun territorio de sacrificio. Un espazo cedido, entregado, moldeado para encaixar nunha lóxica que non é a nosa. Chegará o día que miremos ao noso arredor e descubriremos que xa non quedan carballeiras nin soutos, que xa non queda outono. E que o único que persiste é a marcha impasible de esveltos eucaliptos apropiándose da nosa terra. A súa expansión supón, polo tanto, un enorme custo de oportunidade⁸. Acaso non poderíamos optar por un modelo baseado en bosques autóctonos que actúen como sumidoiros de CO₂, xerando outro tipo de ingresos mediante o acceso a mercados de carbono.

O abandono rural que levamos sufrindo intensamente desde mediados do século XX hai que velo tanto desde as causas xeradoras que catalizan o movemento do campo

Figura 2.
Diversas imaxes do avance do eucalipto na comarca da Ulloa tomadas con dron durante o inverno de 2024.

[8] O custo de oportunidade representa o que se perde por escoller unha opción (p.e., monocultivo de eucalipto) en lugar doutra, xa sexan beneficios económicos, ambientais ou sociais.

á cidade, como desde as consecuencias que provoca dita migración. Pero, entre causa e consecuencia, créase tamén un efecto de retroalimentación. Actualmente o eucalipto pode estar a xogar un papel determinante ao ser un factor que reforza ese ciclo de despoboamento e abandono. A súa expansión masiva non só responde á falta de alternativas económicas para o rural, senón que tamén contribúe a afondar no problema ao eliminar progresivamente as posibilidades doutro tipo de desenvolvemento. Ao mesmo tempo, o modelo produtivo asociado a esta especie apenas xera traballo estable nin tecido económico local (trátase dun cultivo de baixa intensidade laboral e de alta concentración empresarial). En resumo, o monocultivo forestal non dinamiza o rural, senón que o esgota ao pechar oportunidades, desprazar outras formas de uso da terra e reforzar a percepción de que o único destino posible para as novas xeracións é a emigración ou ceder os terreos para que as empresas da madeira as xestionen⁹.

O resultado é unha perigosa espiral: o abandono do rural facilita a expansión do eucalipto, e a expansión do eucalipto contribúe ao abandono. O que debera ser un territorio vivo, diverso e produtivo convértese nunha paisaxe homoxénea, sometida a intereses externos e incapaz de ofrecer unha alternativa viable para aqueles que queren quedar. Desafortunadamente, o proceso complétase e perpetúase, afastándonos cada vez máis da posibilidade de reverter a situación. Volvamos a mirada para Cantabria, Euskadi, Navarra ou os Pirineos franceses como outra forma de rural onde o modelo de xestión non está (tan) sometido aos intereses de poder concentrado.

Para este ensaio fíxose un pequeno experimento comparativo entre unha masa boscosa e unha plantación de eucaliptos, ambos localizados na comarca da Ulloa (Figura

[9] Hai numerosos casos de persoas que nunca pisaron Galicia e que, por herdanza, posúen terras que acaban cedendo ás empresas da madeira para a plantación de eucaliptos. Fillos e fillas de emigrantes asentados en América Latina ou en Catalunya (por poñer algúns exemplos) reciben a chamada para ceder as súas propiedades e, en pouco máis dunha década, obter un pequeno beneficio económico. Entre non recibir nada e gañar algo, a decisión parece evidente.



3). Buscou un bosque maduro que xa estivese como tal desde, polo menos, mediados do século XX. Próximo a el, localizouse tamén unha plantación de eucaliptos a pouco anos do corte. En ambos casos mediuse o diámetro (a 1 m sobre o chan) e altura de 21 árbores para coñecer sobre a súa diversidade e poder trasladar o sabido teoricamente a valor numérico. En efecto, segundo o coeficiente de variación, o bosque de frondosas presenta unha maior diversidade estrutural en altura e diámetro pola presenza de árbores de distintas idades, a diferenza da uniformidade típica da plantación de eucaliptos.

2.3. *Os impactos como beneficio negro*

O beneficio negro simboliza a dualidade inherente a certos fenómenos que aparentan ofrecer vantaxes inmediatas pero que esconden custos ocultos ou consecuencias negativas a longo prazo. No caso dos eucaliptos, o beneficio económico derivado do seu rápido crecemento e rendibilidade na industria contrasta coas repercusións ambientais e sociais: perda de biodiversidade, esgotamento hídrico, erosión do solo e a transformación das paisaxes en monocultivos. Este «beneficio negro» invita a reflexionar sobre o equilibrio entre as ganancias rápidas e os custos ocultos que, tarde ou cedo, recaen sobre o medio e a sociedade.

O Comité Científico do Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial, do Catálogo Español

Figura 3.
Medición de
exemplares nun bosque
de carballos (esquerda)
e nunha plantación de
eucaliptos (dereita).

de Especies Amenazadas e do Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras, advertiu xa hai varios anos que moitas das especies de eucaliptos plantadas en España deberían incluírse no Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras debido ao seu elevado impacto ecolóxico. A FAO tamén publicou diversos informes que documentan os efectos ambientais, sociais e económicos asociados a esta especie. Pola contra, a normativa galega resístese a recoñecer o eucalipto como especie invasora. Esta postura responde a unha lóxica económica simplista, que da prioridade aos beneficios directos sen valorar no seu resultado de contas os custos ambientais.

As plantacións monoespecíficas de eucalipto, vinculadas inicialmente á reforestación e máis tarde á produción intensiva (silvicultura), destacan por características que os fan extremadamente adaptables. Estas árbores son auténticos todoterreos, uns 4x4 que segregan aceites como defensa contra herbívoros, producen abundante néctar para atraer polinizadores e os tocos e sementes rexeneran con forza tras o lume. Son capaces de vivir en solos pobres e de recursos hídricos escasos, mais o seu rendemento (visto en taxas de crecemento) pode aumentar moito en solos fértiles e ben irrigados. O *E. Nitens*, exemplo destacado en Galicia, é unha especie que tolera temperaturas de ata -5 °C e precipitacións anuais inferiores a 500 mm, consolidándose como unha aposta de éxito para condicións ambientais adversas.

As particularidades descritas dos eucaliptos, combinadas co modelo de xestión forestal ao que son sometidos, teñen consecuencias ambientais inevitables. O tipo de especie elixida (*Eucalyptus sp.*) aporta dous aspectos chave de cara á explotación: a frecuencia das talas e os tratamentos fitosanitarios. En Galicia, as plantacións de eucaliptos están sendo xestionadas en quendas extremadamente curtas, de só 10-15 anos, ou incluso menos, mediante talas claras, onde todos os troncos son cortados ao mesmo tempo. Pola contra, unha carballeira segue un ciclo de rotación moito máis longo, superior aos 100 anos, con cortas selectivas que permiten que a biodiversidade se recupere ou incluso se manteña. Este contraste revela o impacto das plantacións intensivas de eucalipto, nas que a explotación agresiva impide o desenvolvemento dun ecosistema diverso e equilibrado.

Cómpre sinalar un recente estudo publicado no ano 2020 por varios científicos da Universidade do País Vasco¹⁰, no que se analizan os efectos ambientais do eucalipto a partir da revisión de 248 artigos científicos publicados entre 1982 e 2019, dos cales 40 pertencen a traballos de Galicia. Os resultados mostran un enorme abano de impactos dos eucaliptos sobre a hidroloxía ou os ríos (por citar dúas variables), en forma dun «empeoramento moderado» dos caudais de estiaxe ou un «forte empeoramento» da ecoloxía do río (vida acuática, descomposición da follada, materia orgánica e nutrientes etc.). No estudo tamén se alude aos incendios (fornécese a inflamabilidade e as cinzas tóxicas), á biodiversidade (perda de fungos, brión, plantas ou fauna) e os efectos na cadea ecolóxica, ou aos solos (redución da fertilidade e o efecto de sumidoiro de carbono).

2.4. Lumes de sexta xeración

Os lumes de sexta xeración representan un problema emerxente, tan grave como descoñecido para gran parte da sociedade. É ben sabido que as plantacións de eucalipto son moi apreciadas na industria da madeira e papel debido ao seu rápido crecemento, pero quizais non o sexa tanto a súa relación directa e indirecta co agravamento dos incendios forestais extremos. Países como Chile, Grecia, Australia, Estados Unidos (Hawai) e Alxeria son só algúns dos que sufriron, nos últimos anos, os devastadores efectos dos denominados incendios de sexta xeración.

Estes fórmanse como resultado da combinación de condicións extremas, tanto climáticas, como sociais e ecolóxicas, que non se dan nos lumes tradicionais. Veñen representar un novo paradigma pola súa alta intensidade e o seu carácter imprevisible. A diferenza co incendio tradicional, os de sexta xeración caracterízanse por unha liberación de calor extremadamente alta ($>10.000 \text{ kW/m}$), cunha propagación rápida e errática, influenciada polo seu


[10] Elozegi, A., Cabido, C., Larrañaga, A., Arizaga, J. (2020): «Efectos ambientales de las plantaciones de eucaliptos en Euskadi y la península ibérica». *Munibe, Ciencias Naturales - Natur Zientziak*, 68, 111-136.

propio clima (pirocúmulos), e cunha afección espacial que pode ir de rexional a nacional.

Galicia e Portugal son veciños xeográficos, de lingua e de cultura. Pero o eucalipto tamén os une tecendo unha paisaxe común que racha fronteiras. Os lumes que sufriu o norte de Portugal no ano 2017 foron unha triste carta de aviso que nos chegou do futuro. Aqueles incendios non se catalogaron de sexta xeración, pero foi un primeiro gran conato que deixou máis de 60 vítimas mortais e unha cuantiosa destrución de infraestruturas. O goberno luso abordou o monocultivo de eucalipto en forma dunha moratoria na súa plantación. Dun xeito ou doutro, esa decisión tivo repercusións en Galicia. As miradas repousáronse no noso territorio coma nova fonte de recursos. Sen querelo, pasamos a formar parte dese capitalismo que non entende de fronteiras, e que alí onde un recurso se esgota ou se regula, busca outro territorio onde extraelo sen límites.

Os incendios de sexta xeración son o resultado do cambio global e a mala xestión do territorio. Non se combaten con medios físicos, só con planificación baseada nun enfoque integral que combine prevención e restauración dos ecosistemas e a paisaxe en mosaico agroforestal. Non facelo así supón fortalecer a estreita relación entre os monocultivos de eucalipto e os incendios extremos. Primeiro pola alta inflamabilidade que estes xeran ao producir aceites esenciais altamente inflamables, que facilitan a ignición incluso en condicións moderadas. Estes aceites volatilízanse rapidamente, xerando intensas chamas e explosións que alimentan o lume. A acumulación de biomasa en forma de follas, ramas e casca seca no chan, crean tamén un «tapiz» de material combustible que actúa como un acelerador natural. Ademais, a falta de biodiversidade de especies nos monocultivos limita a capacidade do ecosistema de autorregularse e resistir os incendios.

E segundo, pola velocidade de propagación. Nos incendios forestais, as plantacións de eucalipto permiten unha propagación máis rápida do lume debido á continuidade do combustible e á baixa humidade relativa do seu entorno. As partículas inflamables poden ser transportadas polo vento, estendendo o lume a longas distancias (fenómeno coñecido en inglés como *spotting*), ou



contribúen á formación de pirocúmulos e tormentas de lume. A gran cantidade de calor liberada nestes incendios é habitual que retroalimente o lume e dificulte o seu control (Figura 4).

Galicia reúne todos os elementos para padecer lumes de sexta xeración. Temos macroplantacións de monocultivos, asentamentos diseminados e rodeados de eucaliptos, unha perda notable do mosaico de usos agrogandeiros e veráns secos ou moi secos nunha parte importante de Galicia (p.e., provincia de Ourense, Rías Baixas). Este tipo de incendios chegarán. Abonda con facer unha viaxe de Arzúa a Santiago de Compostela para ver o dantesco da escena. Non ha lugar para bosques, é un mar de monocultivo de eucaliptos ao son da autoestrada A-54 prestos para producir ou arder. E sexa unha opción ou outra, o bosque sempre perde.

Figura 4.
Exemplo da creación
de pirocúmulos
(nubes de lume)
e consecuencias
ambientais e espaciais
posteriores.

Fonte: International
Association of
Wildland Fire.

3. NA PROCURA DA NOSA IDENTIDADE TERRITORIAL

3.1. *Que modelo territorial queremos?*

Como sociedade, enfrontámonos a un conflito territorial. A proposta de instalación de Altri na comarca da Ulloa obriga a Galicia a decidir: que modelo territorial queremos? Non é unha resposta sinxela. E antes é preciso poñer en común que entendemos por territorio, paisaxe e modelo territorial. Para que resulte máis atractivo, fagámolo desde unha perspectiva empresarial¹¹. Podemos, así, imaxinar o territorio como a «misión», o espazo onde actuamos e organizamos as nosas actividades para alcanzar un propósito. A paisaxe sería a «visión», a imaxe perceptible e significativa que reflicte o que queremos ser e como queremos que se nos reconeza. Finalmente, o modelo territorial equivale aos «valores», os principios e prioridades que guían a nosa maneira de organizar o territorio, equilibrando as necesidades humanas coa protección do medio natural e cultural. Entón, repitamos a pregunta, que modelo territorial queremos? A chegada de Altri está aliñada coa visión da sociedade da comarca da Ulloa e de Galicia? Responde aos valores e prioridades do territorio?

Desde unha perspectiva económica, o desenvolvemento efectivo do territorio depende do equilibrio entre a oferta (o territorio e os seus recursos) e a demanda (as actividades que se pretenden implantar). Con todo, o conflito non debe entenderse como unha confrontación entre elementos opostos, senón como unha oportunidade para acadar solucións baseadas na análise científica, a aplicación técnica

- [11] Fóra do símil coa misión, visión e valores, déixase aquí outra definición máis técnica. O territorio é o espazo organizado polas persoas, e a paisaxe é a súa expresión perceptible e significativa. Entender un sen o outro sería incompleto: o territorio dota de funcionalidade á paisaxe, mentres que a paisaxe dá vida e identidade ao territorio. Un modelo territorial reflicte como organizamos e utilizamos o territorio segundo os nosos valores, prioridades culturais e dinámicas sociais. Este modelo debe equilibrar as actividades humanas co medio natural, minimizando conflitos entre usos e promovendo unha xestión racional dos recursos. Por exemplo, un val agrícola é tanto un recurso produtivo como unha paisaxe cultural, mentres que un bosque combina funcións ecolóxicas, económicas e culturais.

e, sobre todo, o consenso social. Só deste xeito é posible abordar con éxito cuestións tan complexas como, por exemplo, a relación entre conservación e desenvolvemento ou interese público ante interese privado. A clave reside en recoñecer que o territorio é un ben colectivo cuxo uso non só afecta ás xeracións presentes, senón que tamén condiciona as oportunidades das futuras. A xestión territorial debe integrar unha visión sostible e inclusiva, garantindo que as decisións adoptadas reflictan un equilibrio real entre progreso e preservación.

3.2. *A quen protexe a lei?*

As leis foron concibidas como un instrumento para garantir a orde social, protexer os dereitos fundamentais e establecer límites ás accións individuais e colectivas. En teoría, a normativa debería funcionar como un mecanismo de equilibrio que asegure a xustiza e a igualdade. Porén, na práctica, cando a lexislación responde a intereses concretos en lugar de ao ben común, xorde unha cuestión fundamental: a quen protexe realmente a lei? Está deseñada para salvagardar á sociedade das ameazas e riscos ou para blindar aos que xeran crecemento económico acelerado a costa da vontade e o benestar común? O modelo actual enfronta importantes paradoxos. A natureza é vista ao mesmo tempo coma un obstáculo (visión «instrumentalista») e recurso (visión «desarrollista»), relegándoa a un segundo plano ante a creación do emprego (p.e., a denominación de Proxecto Industrial Estratéxico son atallos burocráticos que carga de simbolismo e importancia certos proxectos para distancialos da natureza e dotalos de maior relevancia ca propia conservación desta) ou mostrando unha teórica «preocupación ambiental» (p.e., campañas de *greenwashing*).

Quizais o caso máis hiperbólico vese poñendo o foco na lexislación ambiental, concretamente na Lei 21/2013 (e posteriores modificacións), ao permitir que sexa o promotor o encargado de autoavaliar o impacto da súa obra e actividade. É esperable que os resultados sexan favorables aos intereses do promotor, co que recaerá sobre o órgano ambiental competente validar o procedemento. En realidade, a lei invita á «trampa» e a desequilibrar as funcións de fonte de recursos, soporte de actividades e receptor de

residuos dun territorio. No caso de Altri, parece pertinente destacar o aparente pacto empresa e Administración, nunha teatralización ben artellada vendo que dicir e cando, como se dun *biscotto* futbolístico se tratase.

Todo isto xera un gran beneficio a minorías e un grave dano colateral á colectividade. A potencial chegada de Altri sitúanos así nun escenario de alto risco pola presenza de tres grandes ameazas. En primeiro lugar, potenciase a disfuncionalidade dos sistemas naturais¹²; en segundo lugar, a súa natureza incerta, xa que se basea en supostos e estimacións sen garantías plenas; e, finalmente, a externalización dos seus impactos á sociedade, que acaba funcionando como un plan de continxencia forzado. Somos reféns de intereses externos a nós, co que, en última instancia, se algo sae mal será a sociedade galega quen terá que asumir as consecuencias económicas e ambientais.

3.3. *Revolución ou involución industrial?*

Para esta sección paréceme moi acaído reproducir as últimas liñas do informe do Consello da Cultura Galega dedicado á revisión do impacto hidrolóxico do Proxecto GAMA¹³. Trátase dunha reflexión final na que se quixo abordar un dos problemas que atinxen ao proxecto, a auga. O texto di así:

O carácter global, transversal e altamente intrincado do asunto da auga adoita xerar conflitos territoriais, que se acrecentan canto maior sexa a envergadura do proxecto. Isto pode explicar a incomodidade social que, a teor das manifestacións, suscita o proxecto GAMA arredor da auga, entre outros aspectos. Estes conflitos territoriais adoitan vir dados pola contraposición de dúas

-
- [12] Téñase en conta que os sistemas naturais sans (p.e., o sistema fluvial) proporcionan servizos e bens esenciais para a economía da sociedade, moitos dos cales non teñen substitución artificial ou resultan extremadamente custosos de replicar. Polo xeral, o custe de reparación dunha industria que provoca coa súa actividade alteracións nos sistemas naturais é moito maior que o beneficio particular que esta obtén. O problema é que o beneficio non é todo para a sociedade pero o gasto de arranxo si que o asume nun alto porcentaxe.
- [13] García, H. (2024): «Avaliación do impacto hidrolóxico do proxecto gama en Galicia. Revisión e análise crítica», en ccg (2024): *Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 57-84. Accesible en <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4515>.

visións, unha máis orientada á «empregabilidade» e crecemento económico (visión 1 [V1]), e outra máis centrada nas ameazas e riscos, principalmente de índole ecolóxico-ambiental, pero tamén económicos e sociais, que suscita a actividade (visión 2 [V2]).

Trasladando o núcleo da problemática a un feito máis concreto que sirva como embrión discursivo, a V1 fundaméntase nunha perspectiva máis utilitarista da auga, considerada e abordada como un recurso (industrial, neste caso), dando por suposto que hai unha contrapartida negativa en forma dunha potencial deterioración ambiental, pero que se compensa polo crecemento económico do PIB. A V2 sitúa a auga no centro do relato como un elemento vital do sistema ecosocial, polo que debe antepoñerse a preservación dos seus límites biofísicos fronte ao potencial crecemento económico que poida achegar o seu uso. Pola capacidade dominante mostrada ata o presente, a V2 (economía ecolóxica) pódese considerar como reaccionaria da V1 (economía ortodoxa) ao cuestionárense varios dos seus postulados. Ambas as posicións deben buscar un encaixe que lles posibilite acadar un equilibrio no que río (auga) e industria cohabiten.

O proxecto GAMA ten a peculiaridade de querer formar parte das dúas visións económicas. A documentación ambiental presentada por Greenfiber como xustificativa responde á dun proxecto de economía ortodoxa (V1), pero postúlase, segundo a empresa, ás axudas Next Generation dos PERTE (proxectos estratéxicos de recuperación e transformación económica) de descarbonización industrial, cuxos requirimentos e base ideolóxica parten dos principios da economía ecolóxica (V2). Enténdese, entón, que a concesión destas axudas potencie un sistema produtivo con actividades que causen un prexuízo nulo ou insignificante ao medio ambiente (p.e., recursos hídricos, biodiversidade). No entanto, a economía ortodoxa (V1), cimentada no PIB, fai invisibles os impactos sobre os sistemas naturais ao non contabilizalos nas súas contas de resultados. Esta omisión das externalidades negativas no rendemento das contas abre a porta a un crecemento infinito nun mundo de recursos finitos. Os fondos Next Generation, coñecedores desta incongruencia por defecto, tratan de corrixila apostando por un modelo económico máis distributivo e rexenerativo.

Na súa formulación actual, o proxecto GAMA é máis «probabilístico» (baseado en supostos) que «garantista» (o que esixe a lei) ao trasladar o seu funcionamento a un marco hipotético de máximos óptimos baseado na idolatría da tecnoloxía e o emprego de datos reducionistas de caudal. Este marco crea dúas «falsas sensacións», unha de seguridade e outra de abundancia da auga. A falsa sensación de seguridade camúflase baixo fundamentos tecnolóxicos para afirmar que os riscos son moi baixos e que a propia tecnoloxía que os causa ten a capacidade de solucionarlos. Non obstante, as probas empíricas mostran que aprobar proxectos que non cumpran as condicións mínimas de risco e respecto medioambiental somete a sociedade a actuar como plan de continxencia e de soporte de todos os riscos ambientais e económicos asociados á actividade. A conclusión é que debemos traballar sempre con hipóteses de mínimos óptimos e co emprego de datos de caudal nas situacións máis críticas. Facer o contrario non conduce a máis nada que á consolidación dun círculo pernicioso cuxa máxima expresión é a ruptura dos ciclos ecolóxicos do río, o cal é, en si mesmo, incoherente (alterar o medio natural que é soporte vital da sociedade e o territorio), pero tamén moi custoso economicamente (é dicir, pagar para obter un servizo e recurso –auga– que un río en bo estado xa nos achegaría de forma natural).

En suma, os usos consuntivos da auga deben, por parte da Administración, tratarse en marcos temporais máis pequenos, apoiados nunha xestión adaptada ao coñecemento progresivo. E iso só se consegue cunha industria equilibrada, con impactos positivos que se maximicen nos territorios máis desfavorecidos, o cal fará tamén máis forte o conxunto da Comunidade, e impactos negativos que se minimicen cunha actividade menos intensiva en termos de concentración. Toda revolución industrial con capacidade transformadora debe chegar a uns equilibrios que non sexan lesivos para o medio natural e, por extensión, para a sociedade.

4. AS VEAS ABERTAS DA PENÍNSULA IBÉRICA

Escribía Eduardo Galeano na súa obra *Las venas abiertas de América Latina* que os recursos de América Latina non enriquecían aos seus pobos, senón que fluían cara ao exterior, deixando só pegadas de miseria e dependencia. En Galicia, a historia repítese con nomes e intensidades diferentes, pero na mesma dirección. As decisións non se toman en función das necesidades da poboación, senón en base aos intereses de grandes grupos económicos e políticos desconectados do territorio. Os proxectos vendéronse como inevitables, como o único camiño posible cara ao progreso. Pero, progreso para quen?

4.1. O prezo do progreso: de Detroit a Altri

A historia dun territorio pode escribirse a través das súas cicatrices. Feridas que non pechan, fendas por onde escapan a terra, a auga e as oportunidades. Galicia, como tantas outras rexións da península ibérica, leva décadas sufrindo un modelo de explotación que deixa pegada nos balances económicos das grandes corporacións e que marca a vida das súas xentes. Altri é só a última versión dun relato antigo: a extracción, o espolio e a imposición dun modelo produtivo que prescinde da xente que vive no territorio. É un patrón que se repite unha e outra vez. Primeiro, o entusiasmo. Os investimentos que prometen riqueza, os postos de traballo que traen esperanza. A continuación, a adaptación forzada do territorio ás necesidades da industria. A paisaxe cambia, as infraestruturas modifican o espazo e a vida das persoas queda reorganizada arredor dunha nova dependencia. E, finalmente, a desolación. Cando a empresa decide que xa non lle compensa seguir, desaparece e deixa atrás estruturas inservibles, solos empobrecidos, contaminación e un tecido produtivo incapaz de reinventarse.

Este patrón de abandono repítese en moitas industrias e territorios. Un exemplo claro é o de General Motors, unha das empresas máis influentes no desenvolvemento da cidade de Detroit, pero tamén unha das principais responsables do seu colapso social e económico. A súa estratexia de hiperconcentración e posterior deslocalización

deixou unha pegada negativa na cidade estadounidense, mentres que agora, en México, está a xerar un impacto ambiental preocupante. A empresa pasou de ser un motor de crecemento rápido a unha forza de degradación en ámbolos dous países.

Galicia tamén foi moldeada durante décadas por unha economía extractiva que a converteu nunha periferia produtiva ao servizo dos grandes centros de decisión e consumo. Estaleiros, parques eólicos, minas, encoros ou o monocultivo do eucalipto son exemplos dun ciclo de colonización industrial que se repite en forma de pulsos, con promesas de desenvolvemento, macroproxectos ambiciosos e concentradores de recursos, ou supostas oportunidades de emprego que, en realidade, só buscan explotar o territorio manténdoo nun equilibrio precario. Sen decatarnos, convertémonos en parte do xogo do parasito, nun territorio esgotado pero aínda útil, como un hóspede do que se alimenta sen permitirlle morrer de todo.

Podemos seguir tirando de exemplos en forma de evidencias empíricas que mostren como as promesas que se din hoxe para o mañá da comarca da Ulloa non se sosteñen: fixou poboación Teixeiro (concello de Curtis) tras a instalación do polígono industrial? Téñase en conta que, ademais, ao carón do polígono levántase un cárcere con ~560 traballadores, máis dos que Altri promete para a súa industria. A resposta non ofrece dúbidas, e nin polígono nin cárcere lograron fixar poboación. Segundo o IGE, entre 2003 e 2023 decreceu (-6,8 %), e entre 2013 e 2023, ano da explosión do polígono, o incremento foi de 23 persoas, é dicir, un crecemento demográfico pírrico. As autoestradas nas vilas non conectan, desconectan porque dan acceso rápido ás cidades máis próximas. No caso de Altri apunta a que sucederá o mesmo. O lugar de instalación está no punto medio entre Lugo e Santiago de Compostela e cunha autoestrada gratis ao seu carón. Teixeiro tamén está no punto medio entre dúas cidades, Lugo e A Coruña, cunha estrada gratis ás portas (Figura 5).

Neste sentido, hai aspectos rechamantes. Analicemos os dous concellos que, teoricamente, soportarán o maior impacto da instalación de Altri: Palas de Rei e Melide. No primeiro, a taxa de paro é moi baixa (6,73 %), xa que




Figura 5. Polígono industrial de Teixeira e cárcere, mostrándose as distancias e tempos ás principais cidades da contorna.

conta con empresas sólidas que xeran emprego. Pero, que ocorreu coa súa poboación? Entre 2003 e 2023 experimentou unha caída do -16,5 %, e na última década (2013-2023), a diminución foi do -7,4 %. É dicir, a pesar da baixa taxa de desemprego, o municipio seguiu perdendo habitantes. No caso de Melide, a taxa de paro é algo maior (6,97 %). Porén, ao contrario de Palas de Rei, a súa poboación creceu un 3,3 % na última década grazas a políticas máis atractivas para fixar poboación. Mentres tanto, os concellos da contorna continúan perdendo habitantes.

Isto evidencia que a cuestión do emprego e do impacto en zonas menos favorecidas ou industrializadas non depende só da instalación dunha gran industria no rural. Hai moitos outros factores en xogo. Altri, con case toda probabilidade, non contribuirá a revitalizar as vilas nin a fixar poboación. Pode que aumente os ingresos municipais, pero iso por si só non garante que os concellos recuperen a súa funcionalidade nin que a vida no rural se reactive. De feito, incluso Monterroso, que conta cunha prisión, segue perdendo habitantes. En termos demográficos, proxectos como os de Altri poderían ter impacto en zonas con menor conexión a núcleos urbanos grandes ou onde as opcións laborais son máis escasas.

Máis alá do impacto ambiental, económico ou social, o verdadeiro problema é político. Quen decide o que se fai co noso territorio? En teoría, a poboación local debería ter un papel central, pero na práctica as grandes decisións tómanse en oficinas afastadas do lugar onde os impactos se fan sentir. A idea de progreso que acompaña proxectos coma os de Altri baséase na rapidez e na necesidade de resultados inmediatos. O tempo da industria non é o tempo da terra nin das persoas. Decisións coma esta non poden tomarse de maneira apresurada, sen un verdadeiro debate sobre as súas consecuencias a longo prazo. O territorio non é unha materia prima, pero trátaselle como tal porque todo responde a un mesmo esquema baseado no ciclo do espolio: explorar, explotar, abandonar.

4.2. Mecanismos de control: A falsa elección e a falsa participación

Quen escolleu este proxecto? Que capacidade temos como sociedade de decidir? Os verdadeiros afectados son as comunidades locais, que quedan atrapadas nunha lóxica de «aceptación ou abandono» na que os gobernos e as grandes corporacións crean a ilusión dunha elección: ou aceptas o proxecto ou rexeitas o desenvolvemento, o progreso. Pero esta disxuntiva é falsa. Non hai alternativas reais porque o sistema está deseñado para que a lóxica industrial e extractiva sexa a única posibilidade. E cando os procesos administrativos entran en xogo, a balanza sempre pesa máis do lado do poder económico. Nos conflitos laborais, a xustiza adoita aplicar a doutrina *in dubio pro operario* –en caso de dúbida, a favor do traballador–, pero cando a disputa é entre unha comunidade e unha empresa, a lóxica cambia a *in dubio pro administrado* –en caso de dúbida, a favor da administración. O resultado é que a voz da xente queda reducida a unha nota a pé de páxina nos informes técnicos, sen capacidade real de influír no proceso.

A tramitación do proxecto de Altri segue un guiión previsible. A Declaración de Impacto Ambiental podería saír favorable directamente, xerando unha intensa polémica social, ou negativa pero con opcións de emenda, nun intento de facer o proceso máis crible. Sexa cal for a resolución, as posibilidades de recurso son limitadas, e cando o caso chegue

aos tribunais, serán os peritos e xuíces os que teñan a última palabra. A experiencia indica que, en contextos semellantes, a resistencia cidadá consegue amornar o proceso, pero dificilmente pode detelo. A lóxica do mercado xa tomou a decisión moito antes de que a sociedade teña a oportunidade de expresar a súa opinión. Polo tanto, a cuestión é se queremos seguir vendendo o futuro por un presente precario ou se somos capaces de imaxinar outro modelo, un que respecte a vida, a terra e a cultura. A elección, se é que aínda nos queda unha, debe ser nosa.

A falsa elección e a falsa participación son dúas estratexias que converxen nun mesmo obxectivo: manter a aparencia de pluralidade e democracia sen comprometer o control real sobre as decisións. Mentres a primeira crea a ilusión de liberdade de elección dentro dun marco previamente condicionado, a segunda fai crer que a cidadanía ten voz en procesos nos que a súa influencia é mínima ou inexistente. A través dunha exposición pública para presentar alegacións que non poden cuestionar o modelo establecido, lexitímanse proxectos e políticas que responden a intereses xa definidos de antemán. É así como construimos unha democracia simulada, onde a participación é só unha escenificación sen efectos reais.

5. SERMOS ULLOA

5.1. Anomalías impostas

Perfectamente aliñados, coma un exército prusiano que marcha sen desorde, cobren o horizonte con esa uniformidade inquietante, sen deixar espazo para a disidencia. Ningún destaca máis ca o outro. Unha orde precisa, fría, matemática. Ao principio son illotes, pequenos enclaves, testemuñas discretas dun cambio que se nos impón. Logo son manchas. Como se dun cancro se tratase, a metástase chega. E así, ao pouco, un mar verde e estraño que non recorda a Galicia senón a outra terra, a outro clima, a outro destino.

Durante séculos, o rural foi autosuficiente. Non era só un espazo de vida, era un modelo funcional, un ecosistema equilibrado. Agora vese atrapado nunha lóxica ineficiente,

sometido ás dinámicas dun sistema que só entende de beneficios inmediatos. A xente, abandonada por políticas erráticas, acepta o monocultivo industrial non porque crea nel, senón porque é a única resposta que lle queda. «Polo menos dá uns cartos», din resignados.

O problema de Altri é moito máis profundo. Non é só unha fábrica. Non é só unha invitación a unha plantación máis. Estamos configurando as estruturas que perpetúan a espoliación continua dun territorio. E o peor de todo é que xa o normalizamos. A paisaxe galega está a mudar, e con ela, tamén o noso xeito de sentir. Porque cada rexistro visual está ligado a unha emoción. Os nosos ollos buscan os prados verdes e húmidos, as carballeiras espidas no inverno, a brétema que serpea polos vales. Pero agora, no entanto, o que queda son ringleiras infinitas de troncos grises, follas quebradizas e a sombra dun bosque que nunca o foi. O noso gusto estético, moldeado durante séculos, ten que aprender a aceptar unha paisaxe que non nos pertence, que nos foi imposta.

E cando iso pasa, cando asumimos que isto é normal, cando xa non nos doe mirar, perdemos a nosa ferramenta máis valiosa: a capacidade de loita. Porque para rebelarse contra algo, primeiro hai que recoñecelo como alleo, como invasivo. Pero cando o eucalipto se fai invisible, cando o noso cerebro xa non o detecta como unha anomalía, a batalla está perdida¹⁴.

5.2. *Outono roubado*

Durante o outono de 2020 e a primavera de 2021, pasei longas tempadas nos Ancares, un tempo de soidade social e de conexión máis profunda coa montaña. Foi algo positivo que trouxo a covid. Foron meses de observación pausada para

[14] A fábula de Olivier Clerc sobre a ra que non sabía que estaba sendo cocida serve para exemplificar este cambio gradual do territorio que trae consigo Altri, pero tamén para subliñar a necesidade do activismo social ante o avance de prácticas extractivas e depredadoras que transforman de forma irreversible a nosa paisaxe. É un chamado a tomar conciencia antes de que a identidade, os recursos e a sustentabilidade de Galicia sexan (máis) sacrificados en favor de intereses alleos.

seguir o ritmo natural do bosque. Recordo especialmente os ollos da miña parella, a súa maneira de percibir o cambio estacional como algo novo. A caída da folla en outono, o gris silencioso do inverno, a explosión verde da primavera. Cada transformación traía unha sensación distinta, unha percepción renovada do espazo. A primavera non era silenciosa, estaba chea de movemento, de son, de vida en expansión. Sen decatarse, estaba a descubrir que un bosque cambia.

Nunca antes reparara niso. Na Mariña lucense a paisaxe que a rodeaba era sempre a mesma, un fondo constante de eucaliptos que non deixaban ver o paso do tempo (Figura 6). Ía ao colexio e ao instituto entre ringleiras de árbores que non mudaban, un verde fixo que non anunciaba estacións¹⁵. Nos Ancares, por primeira vez, viu como un bosque se transforma, como a paisaxe respira ao ritmo do ano. E ese descubrimento non era só estacional, era tamén emocional. A conexión coa natureza, a biofilia, nace desa relación co cambio, co ciclo, coa diversidade. Un bosque auténtico fainos sentir parte dun proceso máis grande, dálle sentido ao paso do tempo. Pero cando todo se volve monocromo, cando a paisaxe se inmoviliza tras un muro de eucaliptos, esa conexión pérdese. A perda sensorial traída pola homoxeneidade empobrece o vínculo coa terra e volvémonos alleos ao que nos rodea. O eucalipto non rouba só biodiversidade, rouba tamén percepcións, experiencias, formas de sentir a natureza.

Se nos estamos equivocando ou non, só o dirá o tempo. E o tempo pode ser tan lento como lapidario e cruel. Tal vez un día espertaremos e descubriremos que estamos atrapados nunha paisaxe que xa non é nosa. E o peor de todo é que, cando chegue ese momento, pensaremos que si o é, porque será a única que coñecemos. Entón, a memoria estará xa eucaliptizada e nin sequera poderemos preguntar aquilo de quen nos roubou o outono.

[15] O bosque sempreverde de Valdivia, no sur de Chile, é un exemplo de selva húmida temperada onde as árbores autóctonas, coma a luma, o tineo ou o alerce, conviven creando un ecosistema denso e perenne, no que as follas nunca desaparecen por completo e a vida flúe sen interrupción ao longo do ano.

Figura 6.
Mar de plantacións
forestais no norte da
provincia de Lugo.



5.3. *A ilusión de ser o que somos*

Estas liñas finais escríbense coa certeza de que todo estaba decidido de antemán. A Xunta de Galicia filtrou á *La Voz de Galicia* a mensaxe de que o problema da auga non existe, de que todo está en orde para a chegada de Altri. En breve, a Declaración de Impacto Ambiental será favorable, porque ese era o obxectivo desde o inicio e traballouse de forma parcial para acadalo. No camiño, usouse todo o poder dispoñible, manobrouse sen transparencia e puxéronse os medios públicos ao servizo dun interese privado, favorecendo a uns poucos por riba do ben común. Persoalmente, sinto especial dor por ese desprezo á arte da política e o pouco amor polo territorio do que somos parte. Só deste xeito enténdese que as conclusións acadadas por Altri en termos de consumo de auga sexan opostas ás do estudo técnico *Condiciones para la ubicación de una fábrica de pasta de papel*, solicitado por ENCE-Pontevedra hai uns anos, para analizar a implantación das súas instalacións de produción fóra da localización actual (Pontevedra). No estudo, que si empregou datos de estiaxe (situación de

estrés), conclúese que en Galicia non se dan as condicións de recursos hídricos necesarios para a potencial relocalización da fábrica. No mesmo tamén se fai alusión concreta ao río Ulla, sinalándose que non ten o soporte hídrico suficiente. Os estudos técnicos teñen a validez que o órgano ambiental (Xunta de Galicia) quere darlles. Un mesmo documento pode ser válido ou negativo en función da intencionalidade previamente definida. A conclusión última é que a coherencia mídese en función de intereses, non de principios.

Non podemos seguir reducindo Galicia a un *hashtag* bonito ou a unha campaña publicitaria que nos vende unha identidade de postal. O relato de #Galifornia, das praias idílicas e dos solpores infinitos, ou os slogans baleiros de «vivamos como galegos», «riquiños» e «sentidiño» funcionan como unha cortina de fume que oculta as problemáticas reais do noso territorio. Mentres se alimenta esta imaxe de paraíso, a realidade fala de abandono rural, de eucaliptización descontrolada, de precariedade no sector primario e dunha economía extractiva que fai cuestionarse o tipo de futuro que nos agarda. Non podemos ser un eterno anuncio de Gadis, que todo oedulcora e todo o tapa baixo unha ficción que nada máis nos fai reaccionar cando o problema xa está enriba. É hora de mirar de fronte á situación ambiental e social, de cuestionar o modelo que nos impoñen e de actuar con responsabilidade antes de que a Galicia real desapareza tras o decorado.

A cuestión de Altri non é só contaminación, é modelo, é transformación. Aínda que a empresa non vertese residuos, devolvease a auga máis limpa e non emitise nada á atmosfera, seguiría sen encaixar nunha Galicia xa saturada de presión industrial deste tipo. Falamos da ría de Arousa con orgullo, como símbolo, pero a realidade é que está esgotada pola sobreexplotación, empobrecida por unha cunca do río Ulla castigada e multi impactada. Seguimos presumindo de riqueza mentres ignoramos a ameaza. Que sentido ten celebrar un modelo que está a destruír o seu propio sustento? O interese económico inmediato imponse, e a irresponsabilidade política permíteo. O promotor fala de garantías, pero sen datos que as avalen. Prométense millóns de euros como se o simple feito de que cheguen cartos fose positivo por si só, sen cuestionar que tipo de crecemento

nos ofrecen nin a que prezo. É unha visión simplista, unha redución interesada da realidade. Todos aqueles que participan neste xogo, de forma consciente ou inconsciente, son cómplices dun esgotamento anunciado.

A historia demóstranos que cando unha sociedade destrúe a base dos recursos dos que depende, cae nunha trampa da que é difícil saír. O biólogo e antropólogo Jared Diamond, di na súa obra sobre o colapso das civilizacións, que no momento en que isto acontece a sociedade faise menos propensa a cambiar a súa forma de actuar. Só entendendo a paisaxe como unha expresión viva da nosa identidade colectiva, do noso xeito de habitar, transformar e coidar o mundo que nos rodea, outros non tomarán as rendas por nós.

Porén, non se trata de idealizar o pasado, senón de construír un futuro no que o territorio non sexa visto como unha simple mercadoría. A economista Kate Raworth insiste na necesidade de transformar a economía para que sexa rexenerativa e distributiva por deseño. Iso significa, entre outras cousas, abandonar a idea de que a sustentabilidade é un luxo ou unha concesión das empresas, e empezar a concibila como un dereito fundamental das comunidades. Significa tamén romper coa lóxica da explotación sen límites e recoñecer que hai modelos produtivos que, simplemente, non son compatibles cun futuro habitable.

Defender o territorio é unha cuestión de dignidade colectiva. A disputa contra modelos que nos condenan á dependencia e á explotación é, en realidade, a loita pola capacidade de decidir quen somos e cara onde imos. Sabemos que o camiño non é doado, que o órgano ambiental, lonxe de ser neutral, actúa como comercial da empresa, pero nada disto invalida o esforzo nin a razón que nos asiste. A historia demóstranos que os cambios non sempre veñen de quen ostenta o poder, senón de quen persevera, de quen non se cala. Isto non remata aquí. Porque cada debate aberto, cada alegación presentada, cada voz que se alza, deixa pegada.

A loita polo territorio é tamén persoal. Cada quen debe buscar a forma na que se sinte cómodo. Eu fágoo a través das palabras, como unha maneira de deixar constancia, para que cando o tempo pase, ninguén poida dicir que non soubemos ver o que estaba por vir. Sexa cal sexa o desenlace, queda claro que hai unha sociedade disposta a cuestionar, a resistir e a

demostrar que este non é o único camiño posible. Agora toca seguir en pé. Informarse e actuar é o único xeito de garantir que o futuro non nos veña imposto, senón construído por nós. 🐼